



CONCELLO DE VIGO  
ALCALDÍA

Expediente nº 80/142

**Asunto:** Formación do Orzamento da Entidade Local e dos entes dependentes.

**Ano:** Orzamento do 2024.

**Grupo Concello de Vigo:** Concello, Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación Marco e Fundación Convention Bureau.

**Normativa**

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea ( SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL), coa modificacións da Lei 27/2013, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde HAC/836/2021, de 9 de xullo, pola que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público local

**Xustificación legal**

O Orzamento xeral do Grupo Concello de Vigo para o ano 2024, deberá someterse á consideración do Pleno da Corporación antes do 15 de outubro do 2023, coa documentación que regula o artigo 164 e 165 e cos anexos que establece o artigo 166 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Os Organismos Autónomos, en este caso, a Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do Grupo, deberán remitir á Entidade Local o proxecto de Orzamento antes do 15 de setembro.

O Orzamento do Concello e o da Xerencia Municipal de Urbanismo, en aplicación da Orde HAC/836/2021, de 9 de xullo, pola que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público local consolidarán os seus estados por ser entes con orzamento limitativo. As Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación con orzamento non limitativo, remitirán os seu orzamentos aos efectos de incluír os mesmos como anexo ao Orzamento da Entidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 12:00	Páxina 1 de 2
80-142	CSV: A9A834-43B6CC-86A85F-Z9TYA6-YQY39T-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
ALCALDÍA

Expediente nº 80/142

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Aos efectos de comenzar o proceso de formación do Orzamento do ano 2024 e dar cumprimento ao previsto no artigo 168.4) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, para presentar ao Pleno da Corporación a proposta de aprobación no prazo regulamentado,

### DISPOÑO

PRIMEIRO.- Que en virtude das Resolucions desta Alcaldía de data 20 de xuño de 2023, sobre as Delegacións de competencias, será o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda a quen lle corresponde dictar as directrices e formar o Proxecto de Orzamento Xeral Municipal así como propoñer a súa aprobación, emenda ou devolución á Xunta de Goberno Local, á Comisión Informativa e ao Pleno da Corporación.

SEGUNDO.- En cumprimento do contido da Resolución do Sr. Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal e Contratación de data 25/02/2016, solicítese da Dirección Superior Contable e Orzamentaria a formación técnica do orzamento, a elaboración e os documentos que conforman o expediente.

TERCEIRO.- Formúlese proposta para a súa aprobación á Xunta de Goberno Local, previa ao Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda e o sometemento á consideración do Pleno da Corporación.

En Vigo, á data da sinatura electrónica.

O Tesoureiro Responsable Superior Contable e Orzamentación: Luis Garcia Alvarez

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira.

Delegación, Resolución da Alcaldía de 20 de xuño de 2023 (BOPPO nº 123 de 27 de xuño) e Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023

O ALCALDE: ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ

Dou fe, a Secretaria Xeral da Xunta de Goberno Local: Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 12:00	Páxina 2 de 2
80-142	CSV: A9A834-43B6CC-86A85F-Z9TYA6-YQY39T-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>